

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a Federación AUTISMO GALICIA

En Santiago de Compostela.

REUNIDOS

Dunha parte, Don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020 do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante Consellería) polo que se desenvolve a estrutura contida no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Da outra, Dona **MARÍA MERCEDES FERNÁNDEZ ANGULO**, presidenta da Federación AUTISMO GALICIA, segundo acordo da asemblea xeral realizada o día 9 de outubro de 2020 e tal e como consta no certificado da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de data 12 de novembro de 2020; que ten como CIF G 15549306 e como domicilio social o seguinte r/ Home Santode Bonaval 74, 15703 Santiago de Compostela e inscrita no Rexistro central de Asociacións co nº 2003/000095-2.



EXPOÑEN

1. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 198/2022, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

2. Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e na súa redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, así como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (en diante TEA).

3. Que a Federación AUTISMO GALICIA é unha asociación sen ánimo de lucro, coa misión de mellorar a calidade de vida das persoas con Trastorno do Espectro Autista e das súas familias. Compartindo dita misión, dentro da Federación AUTISMO GALICIA inclúense as seguintes entidades membros:

| RAZÓN SOCIAL ENTIDADE MEMBRO | C.I.F. |
|---|---------------|
| ASOCIACIÓN DE PADRES DE PERSOAS CON TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO DA PROVINCIA DE A CORUÑA | G 15048937 |
| ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS CON TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA DE CENTROS DE APOIO FAMILIAR (VIGO) | G 36792463 |



| | |
|---|-------------|
| ASOCIACIÓN AUTISMO VIGO | G 36849883. |
| FUNDACIÓN MENELA (VIGO) | G 36685964. |
| ASOCIACIÓN DE FAMILIAS, PROFESIONAIS E INVESTIGADORES/AS DE PERSOAS CON TEA DE OURENSE | G 32444119 |
| ASOCIACIÓN CAPACES LUGO | G 27450147 |
| ASOCIACIÓN GALEGA DE ASPERGER, ASPERGA | G 70043435 |
| ASOCIACIÓN DE PAIS, NAIS, FAMILIARES E AMIGOS DE PERSOAS CON TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA TEA UN MÁIS (PONTEVEDRA) | G 94046380 |
| ASOCIACIÓN FAMILIAS AZUIS (PONTEAREAS) | G 94157724 |
| ASOCIACIÓN POR ELES TEA OURENSE | G 32490278 |
| ASOCIACIÓN DE TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA DE VIGO | G 27813906 |

4. Que entre os fins da Federación AUTISMO GALICIA figuran:

- a) *Servir de nexo de unión entre as distintas socias numerarias e outro tipo de asociadas.*
- b) *Defender a dignidade e os dereitos civís, políticos, económicos, culturais, sociais, laborais, etc. das persoas con Trastorno do Espectro Autista, en igualdade de oportunidades.*
- c) *Promover a integración social, laboral e a normalización das persoas con Trastorno do Espectro Autista, fomentando actitudes sociais positivas cara ao colectivo en Galicia.*
- d) *Desenvolver todo tipo de accións encamiñadas a mellorar a calidade de vida das persoas con Trastorno do Espectro Autista e das súas familias.*
- e) *Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo con criterios de solidariedade, promovendo unha imaxe común da federación.*
- f) *Promover a formación e a investigación sobre os Trastornos do Espectro Autista.*



5. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir “apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA.

En consecuencia, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Federación AUTISMO GALICIA acordan subscribir este convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*

O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Federación AUTISMO GALICIA nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA.

Segunda. *Persoas beneficiarias*

As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán o alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA de todas as etapas e



niveis regulados pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e na súa redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, escolarizado en centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería, así como o profesorado e as familias dese alumnado.

Terceira. Desenvolvemento da colaboración

1. A Consellería promoverá na formación permanente do profesorado, que desenvolve por medio das estruturas de formación e nas distintas modalidades formativas, a colaboración da Federación AUTISMO GALICIA nas accións relativas á atención á diversidade e á formación do profesorado que atende ao alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA.

2. A Consellería e a Federación AUTISMO GALICIA colaborarán na sensibilización e na difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas ao alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA.

3. A Consellería facilitará a colaboración do persoal profesional da Federación AUTISMO GALICIA nos centros docentes dependentes da Consellería con escolarización de alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA.

A solicitude de colaboración do persoal profesional da Federación AUTISMO GALICIA debe realizarse por parte do centro docente, e as liñas xerais desa colaboración poderán ser:

a) Asesoramento na atención educativa ao alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA escolarizado nos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería, así como aos centros que escolaricen a este alumnado, ao seu profesorado e ás súas familias.

b) Propoñer actuacións de carácter preventivo e concretas, que poderán ser levadas a cabo polo equipo docente do centro educativo, dirixidas ao alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA.



c) Colaboración na orientación sobre metodoloxías axeitadas dirixidas á intervención educativa do alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA.

d) Información e formación naqueles aspectos que o persoal dos centros docentes requira en relación co tratamento educativo do alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA.

Cuarta. *Características da colaboración do persoal da Federación AUTISMO GALICIA nos centros docentes*

1. Tendo en conta os termos xerais referidos na cláusula anterior e o principio de autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión dos centros docentes, o director ou a directora de cada centro, o persoal especialista da Federación AUTISMO GALICIA e as familias do alumnado con TEA, establecerán de mutuo acordo e por escrito seguindo o establecido neste convenio, os termos concretos desa colaboración. Eses termos deben formar parte das medidas de atención á diversidade previstas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, das normas de organización, funcionamento e convivencia e/ou das correspondentes programacións xerais anuais de cada centro.

2. O profesorado titor ou, se é o caso, profesorado designado pola dirección do centro será o responsable de coordinar as posibles actuacións concretas das persoas especialistas en alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA, en cada un dos casos e de manter informada a cada unha das familias.

3. As actuacións do persoal especialista da Federación AUTISMO GALICIA nos centros docentes, entenderanse dentro do principio de colaboración entre todas as persoas que atenden a un mesmo alumno ou alumna e coa finalidade de facilitarlle unha atención educativa inclusiva e axustada á súa particular forma de ser e de aprender. Este persoal deberá reunir a formación profesional e técnica adecuada que se require para atender ao alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA; ter cumprida a obriga imposta polo artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor (LOPXM), introducido pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia; ter regularizada a súa



situación laboral coa Federación AUTISMO GALICIA e respectar os principios de autonomía organizativa de cada centro docente, así como o seu proxecto educativo.

Quinta. Financiamento

Este convenio non leva consigo apareladas obrigas económicas para ningunha das partes.

Sexta. Relacións laborais

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Federación AUTISMO GALICIA e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Sétima. Comisión de seguimento

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería.

2. A comisión reunirse, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

- a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.
- b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.
- c) Elaborar unha ficha de seguimento anual do convenio sobre o funcionamento do mesmo.
- d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.

Oitava. Interpretación do convenio



Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, que ten carácter administrativo, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, a súa interpretación, cumprimento e execución corresponderá aos tribunais contencioso-administrativos, tralo esgotamento da vía administrativa.

Novena. Protección de datos e confidencialidade

Ambas as partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Décima. Transparencia

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Undécima. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e durará ata finais do curso académico 2020-2021, isto é o día 31 de agosto de 2021, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido



poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscrición do oportuno acordo de modificación.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima do convenio non poderá superar 4 cursos escolares.

Lido o Convenio asínase dixitalmente polas partes.

POLA CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE,
O CONSELLEIRO,

Román Rodríguez González

POLA FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA
A PRESIDENTA,

María Mercedes Fernández Angulo

